



## 1 DENSIDADE

- A existente nas formacións que se han de conservar.

## 2 XESTIÓN

- Estacións apropiadas:
  - Bosques singulares de valor ecolóxico e evolutivo, que deben preservarse de forma estrita, ou bosques de difícil acceso ou orografía nos que non poidan realizarse intervencións a custos razoables.
  - Masas forestais que presenten mouteiras ou masas de especies autóctonas, independentemente da especie ou especies principais e do seu obxectivo de produción.



### MODELO SILVÍCOLA RBA

**ESPECIE:** bosques naturais de teixo (*Taxus baccata L.*) e frondosas autóctonas recollidas no anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Hábitats con vexetación non arbórea que se decidan preservar de actuacións de xestión. Tamén nas masas consolidadas de frondosas autóctonas

**OBXECTIVO:** conservación de formacións autóctonas mediante non intervención e adecuada protección en forma de microrreservas

**DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN:** todos os distritos forestais. Conservación das formacións mediante a súa adecuada protección, en particular en bosques pouco intervidos e maduros

- **Monitoraxe:** seguimento recomendable da evolución dos devanditos bosques.
- **Restauración da naturalidade:** posibles accións puntuais de restauración de microhábitats e retirada de especies exóticas e/ou invasoras.
- **Perturbacións:** serán admisibles as perturbacións naturais que poidan producirse, derivadas da caída de árbores, raios ou mortalidade natural do arboredo. Actuarase para evitar perturbacións importantes de orixe antrópica, en particular pragas e enfermidades e incendios forestais.
- **Prevenção de incendios:** faranse rozas perimetrais ou intervencións de redución da carga de combustibles finos.
- **Conservación de hábitats:** asegurarse a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade.